



RESOLUCIÓN DO 11 DE ABRIL DE 2017 DA VICERREITORÍA DE POLÍTICA CIENTÍFICA,
INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA POLA QUE SE MODIFICA
A DE 7 DE XULLO DE 2016 QUE REGULA A REPERCUSIÓN DOS REINTEGROS POR PROXECTOS
SOBRE O FINANCIAMENTO ANEP DO SEU CATÁLOGO DE INVESTIGACIÓN

Detectadas certas deficiencias nas instrucións polas que se regula a repercusión dos reintegros por proxectos sobre o financiamento ANEP que anualmente reciben os grupos, unidades e investigadores/as do catálogo de investigación da UDC, compre modificar a resolución de 7 de xullo de 2016 nos seguintes termos:

O apartado (b) queda redactado do seguinte modo:

"b) A parte do importe do reintegro que se impute ao IP do proxecto será detraída dos fondos achegados ao grupo de investigación pola financiación ANEP anual, e transferida á partida centralizada que sinala a Vicerreitoría con competencias en planificación económica. O resto dos fondos necesarios para facer a devolución achegaranse desde a partida orzamentaria centralizada que proceda. En todos os casos aplicarase unha franquía de 100€ (contía mínima, a partir da cal xurde a obriga de repercutir) que será reintegrada con cargo á partida centralizada, sen repercusión ningunha sobre a financiación ANEP do grupo."

O apartado (f) queda redactado do seguinte modo:

"f) Cando un IP cambie de grupo, as débedas que tivera pendentes pasarán a repercutirse sobre a financiación ANEP anual do grupo receptor, sen que iso supoña un novo cálculo dos importes da repercusión, que tan só se efectuarán unha vez, ao recibir na UDC a copia da resolución do procedemento de reintegro da axuda. Cando se xubile o IP, cesarase ao ano seguinte a repercusión sobre a financiación ANEP do grupo ao que pertencía."

A Coruña, a 11 de abril de 2017

O VICERREITOR DE POLÍTICA CIENTÍFICA, INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA

Salvador Naya Fernández